



ELECCIÓN DE REPRESENTANTES DO PROFESORADO AO CONSELLO ESCOLAR

05 OUT. 2021

REGISTRO DE SAÍDA

Nº 93

CONVOCATORIA

Segundo RESOLUCIÓN do 20 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG 29-09-2021), a Xunta Electoral deste centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ó Consello Escolar, SECTOR DO PROFESORADO, segundo as normas seguintes:

- 1.- **Conforme ao establecido no artigo 37 e 41** (redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro) **do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG 21/10/1996), corresponde elixir no presente proceso electoral a tres profesores** dun total de cinco que debe ter o Consello Escolar. Os outros dous representantes do profesorado continúan como consecuencia da súa elección anterior no ano 2018.
- 2.- O censo electoral de mestres está exposto a partir da data no taboleiro de anuncios da sala do profesorado do centro.
- 3.- **As candidaturas correspondentes poderanse presentar a partir do día 8 de novembro ata as 14:00 horas do día 15 de novembro (a solicitude para presentar candidatura está a vosa disposición na secretaría do centro e na web).**
- 4.- **A mesa electoral estará formada polo director do centro, que actuará como presidente, e os profesores de maior e menor idade, actuando este último como secretario.**
- 5.- **Cada profesor fará constar na papeleta das eleccións un máximo de dous nomes da lista de candidatos segundo establece o artigo 37 do Decreto 92/1988, do 28 de abril (DOG 29/04/1988).**
- 6.- O voto será directo, secreto e non delegable.



7.- Para dar cumprimento o artigo 35 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, que establece que en reunión de claustro se proceda a dar lectura das normas legais relativas o procedemento da elección de representantes do profesorado no Consello Escolar, así como tamén a fixación, en dita reunión, da data de celebración do Claustro extraordinario para a elección dos mesmos, convócase Claustro do Profesorado, a tales efectos, para o día 23 de novembro ás 17:00 h .

8.- A Xunta Electoral do centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Lugo, 4 de novembro de 2021

O director e presidente da Xunta Electoral

Carlos Vázquez Fernández